

CONSELLO DE GOBERNO SESIÓN ORDINARIA

Por orde do Reitor, prégaselle que, como membro do Consello de Goberno, teña a ben asistir á reunión abaixo consignada, co fin de tratar os asuntos sinalados na orde do día.

LUGAR: Sala 18 (Consello de Goberno) Campus Remoto da Universidade de Vigo, no enderezo electrónico seguinte: <https://campusremotouvigo.gal/access/public/meeting/999045618>

No apartado correspondente a “Acceso estudiantado” encherase o “Nome” co nome e apelidos de cada un (aos efectos de poder computar a asistencia virtual), e o apartado “Contrasinal” coa clave que se remitirá previamente á xuntanza. Pulsarase a continuación en “Acceder” e seguiranse as instrucións correspondentes. Conectarase a cámara, cando o presidente así o solicite, unicamente aos efectos de poder proceder á identificación de cada membro. Advírtese que a sesión poderá ser gravada. Para garantir a posibilidade de asistencia dos membros da comunidade universitaria, a sesión transmitirase na contorna virtual da Universidade, pola vía e mediante o acceso que se comuniquen con anterioridade á celebración da xuntanza. Máis información sobre a protección de datos no enderezo electrónico <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

As persoas interesadas en asistir de xeito presencial á sesión no Paraninfo do Edificio Ernestina Otero (Campus de Marcosende-Vigo) deberán comunicalo á Secretaría Xeral no enderezo electrónico secxeral@uvigo.es antes das 14:00 h. do día 29 de novembro.

DÍA E HORA: martes, 30 de novembro de 2021 , ás 09:30 h., en primeira convocatoria, e á 10:00 h., en segunda.

Prégase a conexión na primeira convocatoria, para poder proceder axeitadamente coa identificación dos presentes.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de outubro de 2021.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da Oferta de Emprego Público para PAS da Universidade de Vigo para o ano 2021.
4. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2020, e da creación de prazas correspondente.
5. Aprobación, se procede, da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes á Oferta de Emprego Público para PDI da Universidade de Vigo para o ano 2020, e da creación de prazas correspondente.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de selección de áreas de coñecemento para a convocatoria das prazas correspondentes ao 15% reservado para persoal investigador nas Ofertas de Emprego Público da Universidade de Vigo.
7. A probación, se procede, da modificación dos títulos de Máster Universitario en Biotecnoloxía Avanzada e Máster Universitario en Traducción para a Comunicación Internacional.
8. Acordo, se procede, para a equiparación do salario dos investigadores Ramón y Cajal ao da figura de contratado/a doutor/a.
9. Nomeamento das persoas da Universidade de Vigo, que compoñen as Comisións de Avaliación da III Convocatoria do Programa Docencia.
10. Nomeamento dos representantes de alumnado na Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.
11. Eleccións para cubrir as seguintes vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno⁽¹⁾:
 - Organización Académica e Profesorado: 1 estudante.
 - Investigación: 1 estudante.
12. Eleccións de representantes no Consello Social⁽¹⁾: 1 estudante.
13. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios⁽¹⁾: 1 estudante.
14. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO⁽¹⁾: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.
15. Quenda de intervencións.

O secretario xeral

(1) As candidaturas poderanse presentar na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus de Vigo, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus-cidade, na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus de Ourense e na Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro do Campus de Pontevedra, así como na Sede Electrónica da Universidade de Vigo, ata as 23:59 horas do día 28 de novembro de 2021

CANDIDATURA

Don /Dona _____

con DNI: _____

Centro: _____

Teléfono e correo electrónico: _____

Presenta a súa candidatura para a:

COMISIÓN DE ESTUDOS PROPIOS

Sector Estudiantes

Sector Persoal de Administración e Servizos

Sector Profesorado: Ámbito:

Científico

Humanidades

Tecnolóxico

Xurídico-social

_____, _____ de _____ de 20__

Asinado:

ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO ESTUDANTADO DE DOUTARAMENTO E DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS) NO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDO)

CANDIDATURA

Don/Dona _____

con DNI* _____

Teléfono/Enderezo electrónico: _____

Para candidatura no sector PAS:

Posto: _____

Centro/Servizo: _____

Para candidatura nos sectores de estudantes:

Programa de doutoramento _____

Ámbito (sinale o que corresponda ao programa ou departamento):

- Campus do mar
- Científico
- Humanidades
- Tecnolóxico
- Xurídico-social

(Opcional) Desexo que a miña candidatura figure baixo a agrupación e as siglas seguintes:

_____, _____ de _____ de 2021

Asdo: _____

*De acordo co artigo 8 do Regulamento para elixir a representación do estudantado de doutoramento e do persoal de administración e servizos (PAS) no comité de dirección da Eido, cómpre achegar unha fotocopia do DNI xunto coa candidatura. No caso de que a candidatura a presente outra persoa, esta terase que identificar e presentar tamén unha fotocopia do seu DNI. A candidatura presentarse no rexistro.